



PROPOSTA DE CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE ESTABLECEMENTOS

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
[Empresa / Comercio / Local,...]

E A ASOCIACIÓN SOCIO SANITARIA ENFERMIDADES INFLAMATORIAS
INTESTINAIS E OSTOMIZAD@S (ASSEII) DE PONTEVEDRA PARA O
DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO
PRECISO PASAR!

REUNIDOS

Dunha parte D/Dª *[Nome e apelidos do representante de Asociación Socio Sanitaria Enfermidades Inflamatorias Intestinais e Ostomizad@s (ASSEII)]*, entidade sen ánimo de lucro e recoñecida de carácter social, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2013/017777 Sección 1 e co Código de Identificación Fiscal GR-94086238, no seu nome e representación e de acordo coas atribucións que ten conferidas.

E da outra, D./Dª. *[Nome e Apelidos]*, *[administrador/a, responsable/,presidente/a....]*, da empresa/comercio *[Empresa / Comercio / Local,...]*, no seu nome e representación desta, e de acordo coas atribucións que ten conferidas.

EXPOÑEN

Que ambas as dúas partes están interesadas en establecer un convenio de colaboración para poñer en funcionamento o proxecto "**Preciso Pasar!**", para que as persoas que padecen a Enfermidade Intestinal Inflamatoria (EII) e Ostomizadas melloren a súa calidade de vida e se integren na sociedade sen medo a saír das súas casas pois, trátase dunha enfermidade xenética autoinmune que, polo momento, non ten cura; pero é posible o seu control, a través dun tratamento médico axeitado e oportuno, non é contaxioso, pero os enfermos dependen na maioría das ocasións da necesidade de utilizar urxentemente un lavabo.

Que o intercambio desta experiencia xunto cos coñecementos que adquiriremos e a cooperación entre elas resultan de interese para fomentar a innovación e garantir o acceso a unha calidade de vida digna para os afectados por esta patoloxía, co obxecto de proporcionar ferramentas que favorezan o desenvolvemento da investigación no campo dos cuidados de saúde.

Que este mutuo interese fai aconsellable que ASSEII e *[a Empresa / Comercio / Local,...]*, plasmen dun xeito explícito a súa colaboración de forma que poidan facilitar a integración deste colectivo de forma conxunta.

Por todo iso deciden concertar un convenio de colaboración, para o cal

ACORDAN

Primeiro. Autorizar o uso dos lavabos do seu establecemento aos portadores das tarxetas do proxecto **Preciso Pasar!**.

Segundo. Para o cumprimento de tal obxectivo o establecemento adherido autorízase gratuitamente o uso dos lavabos, o máis rapidamente posible, aos portadores da tarxeta autorizada **Preciso Pasar!**.



Terceiro. Fomentarase a colaboración do persoal de ambas as dúas entidades, para posibles actividades de decates mutuo e social.

Cuarto. Entregácese por parte de ASSEII ao establecemento adherido:

- Os adhesivos **Preciso Pasar**, para que os coloque nun sitio visible (na entrada, no escaparate...). Así, os pacientes saberán que establecementos forman parte do proxecto.
- O establecemento adherido terá a posibilidade de aparecer na lista de establecementos que publicaremos e actualizaremos, na nosa web e nas redes sociais da entidade.
- A parte de que cada vez que se fale do proxecto **Preciso Pasar** e váiase actualizando os colaboradores, aparecieran nas noticias relacionadas a esta iniciativa

Quinto. Entregásense uns trípticos sobre o proxecto **Preciso Pasar** con información para os pacientes e a sociedade en xeral, para ser entregados nos establecementos e lugares de interese, como hospitais, centros de saúde, administracións....

Sexto. O presente convenio non dá dereito a ningún tipo de beneficio económico para ambas as dúas partes, así como o cobramento de comisión ningunha que proceda do presente acordo que se asina.

Sétimo. O presente convenio poderá ser modificado de mutuo acordo por solicitude de calquera das partes.

Oitavo. O presente acordo de colaboración entrará en vigor a partir da firma deste e terá unha duración de cinco anos, renovables automaticamente por un período similar, a non ser que unha das partes notifique á outra o seu desexo de dalo por concluído cunha antelación mínima de tres meses antes da data de conclusión deste.

Os seus representantes asínano en dous exemplares orixinais, igualmente válidos e estampan neles os seus respectivos selos, na data e lugar indicado máis arriba.

Responsable por la Empresa
colaboradora

Responsable por ASSEII

Asinado e Selado

Asinado e Selado

Protección de Datos. De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, Asociación Socio Sanitaria Enfermidades Inflamatorias Intestinais e Ostomizad@s garante a adopción das medidas necesarias para asegurar o tratamento confidencial dos datos de carácter persoal. Esta documentación contén información de carácter confidencial exclusivamente dirixida o uso do proxecto **Preciso Pasar** Queda prohibida a súa divulgación, copia ou distribución a terceiros a excepción da documentación solicitada pola Policía Local para a solicitude das tarxetas de uso nas zonas reservadas para servizos e carga e descarga.